

A REFINERÍA DA CORUÑA É O PRIMEIRO CENTRO DE REPSOL EN OBTER A ISO 45001 DE SEGURIDADE

- **Esta norma establece os requisitos para axudar ás organizacións para xestionar e mellorar a saúde e o benestar dos seus traballadores, creando condicións laborais mellores e máis seguras.**
- **A refinería inviste anualmente cinco millóns de euros en mellorar a seguridade das súas instalacións.**

A refinería da Coruña convértese no primeiro centro do grupo Repsol, con presenza en máis de 40 países, en obter a certificación para o seu sistema de xestión de seguridade conforme á norma ISO 45001, tras a auditoría realizada pola empresa Aenor hai un mes.

A norma ISO 45001 de Sistemas de Xestión da Seguridade e Saúde no Traballo, recoñecida internacionalmente e que substituíu no pasado mes de abril ao estándar OHSAS 18001, establece os requisitos para axudar ás organizacións para xestionar e mellorar a saúde e o benestar dos seus traballadores, anticipándose aos riscos e accidentes e creando condicións laborais mellores e máis seguras.

Coa incorporación desta nova certificación ao sistema de xestión de seguridade, o Complexo Industrial demostra un compromiso absoluto coa seguridade promovendo a súa mellora continua, en consonancia coa política de SMA do grupo Repsol.

Este sistema de xestión con medidas moi estritas, regula os diferentes procesos e actividades de control que levan a cabo, combinando as disciplinas de seguridade laboral, seguridade industrial, actuación en caso de emerxencia e vixilancia patrimonial.

A refinería inviste anualmente cinco millóns de euros en mellorar a seguridade das súas instalacións e conta coa profesionalidade dos seus empregados cun traballo centrado na prevención, planificación das medidas e cumprimento da normativa.



Os máis de 600 traballadores do persoal da Refinería na Coruña integran a seguridade nas súas actividades, levando a cabo unhas 10.000 actuacións de control en materia de seguridade: visitas de liderado, observacións preventivas, auditorías de permisos de traballo, inspección de instalacións. Así mesmo reciben anualmente preto de **20.000 horas de formación** en seguridade. Isto significa que de 50.000 horas empregadas en formación cada ano, un 40% está asignada a seguridade.

Todo o persoal do complexo recibe formación teórico-práctica en actuacións en caso de emerxencia, acompañada dun amplo calendario de adestramentos con máis de **30 simulacros e prácticas de emerxencia**.

A seguridade e a formación tamén se esixe a todas as empresas auxiliares. Esta esixencia é aínda máis estrita nas paradas de mantemento, nas que os empregados contratistas teñen que pasar unha formación propia do complexo para poder realizar os traballos e acceder á área de parada.